



In memóiriam



Confidencia íntima para Ramón Díaz Raña

Xaquín Campo Freire

Benquerido Ramón:

A historia das perdas persoais vai marcando a propia vida.

Non pretendo facer unha semblanza, nin unha crónica póstuma da túa vida.

A nosa relación foi de amigos. Non exclusivos nin excluíntes. Por veces as nosas visións eran distintas. Pero de sempre había entre nós unha estima fonda e unha valoración mutua positiva. Non era unha confabulación.

Na última xeira, desde que ti enfermaches xa de coidado, quixemos sabérmonos mutuamente desde a fe e a esperanza. Intentamos romper a conspiración do silencio e, desde a verdadeira verdade de ambos, cada un decidimos con claridade estar aí con toda sinceridade e coa amizade que nos caracterizou nos 71 anos que tivemos a sorte de compartir vida desde aquel setembro de 1951. Conseguímolos?

Como xa apuntei, nin ti nin eu quixemos nunca ter a exclusiva nin o monopolio dos nosos sentimentos, segredos ou afectividade. Porque os amigos son moitos. Pero estivemos cada un onde a vida nos foi colocando con toda sinceridade e fidelidade. Sen que a morte nos separe!

«Da dor sempre nos fala quen non está no sufrimento. E daquela, de que serve?» Sabendo ben o risco que corría, alégrome de canto che fun dicindo con alma, corazón e vida desde que un día me falaches do teu cancro.